

COMUNICADO Nº 194/23

18 DE AGOSTO DE 2023

ACORDOS DA COMISIÓN DELEGADA CELEBRADA O 14 DE AGOSTO

O pasado 14 de agosto, a Comisión Delegada da Federación Galega de Automobilismo reuniuse de forma telemática para tratar os catro puntos marcados na orde do día.

No primeiro dos puntos do día acordouse o aumento das asignacións por gastos de locomoción dos oficiais e membros da Xunta Directiva da FGA, elevando o importe de 0,19 a 0,26 euros por kilómetro. Esta subida adáptase a nova redacción da letra b) do art. 9.A.2 R.I.R.P.F. Adoptada polo artigo único da Orde HFP/792/2023 do 12 de xullo.

O segundo punto foi a aprobación da muda de Copa de Promoción durante o transcurso da tempada. A Comisión Delegada da FGA acordou permitilo sempre e cando sexa a unha competición superior mediante a seguinte táboa:

1. Supercampionato r5
2. Copa Top Ten A
3. Copa Top Ten B e Garan N5
4. Copa Top Ten C
5. Copa AMF Pirelli
6. Volante FGA
7. Criterium Recalvi

Desta forma, acordouse a modificación do artigo 9.5.2, no seu último apartado, permitindo a muda de copa sempre que este cambio sexa a unha copa de superior categoría.

No terceiro dos puntos aprobouse a modificación das datas de calendario do “3º Rallymix de Ribadumia” e “6ª Subida a Pontecaldelas”, ademáis da inclusión da “Supercopa FGA de Karting”.

Por último, no turno de rogos e preguntas non houbo ningún tema a tratar.